



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Enfermería Comunitaria I		Código	661G01014
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Seijo Bestilleiro, Rocio		Correo electrónico	r.seijob@udc.es
Profesorado	García Rodríguez, María Teresa Seijo Bestilleiro, Rocio		Correo electrónico	m.t.garcia.rodriguez@udc.es r.seijob@udc.es
Web	campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	O desenvolvemento da asignatura debe familiarizar os estudantes co método epidemiolóxico para utilizalo a cotío como instrumento de traballo na análise, planificación e realización das súas actividades de cuidados (promoción, prevención, diagnósticas, curativas e de investigación). Especialmente contextualizado no ámbito poblacional co estudo dos grandes problemas de saúde que afectan as nosas comunidades.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A29	Identificar os factores relacionados coa saúde e os problemas do entorno, para atender as persoas en situacións de saúde e enfermidade como integrantes dunha comunidade.
A30	Identificar e analizar a influencia de factores internos e externos no nivel de saúde de individuos e grupos.
A31	Aplicar os métodos e procedementos necesarios no seu ámbito para identificar os problemas de saúde mais relevantes nunha comunidade.
A32	Analizar os datos estatísticos referidos a estudos poblacionais, identificando as posibles causas de problemas de saúde.
A33	Educar, facilitar e apoiar a saúde e o benestar dos membros da comunidade, cuxas vidas están afectadas por problemas de saúde, risco, sufrimento, enfermidade, incapacidade ou morte.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B10	Capacidade para adaptarse ás situacións novas.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C10	CB2.- Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3.- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4.- Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado



Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Comprender a evolución histórica e a situación actual da enfermidade comunitaria. Identificar o obxectivo fundamental das intervencións das enfermeiras/os na comunidade.	A30 A33	B6 B10 B16 B20 B24	C10 C11 C12
Identificar e analizar factores determinantes da saúde (biolóxicos, ambientais, estilos de vida, e sistemas sanitarios).	A29 A30	B1 B3 B16 B24	C4 C10 C11 C12
Desenvolver habilidades para identificar, analizar e interpretar datos estatísticos referidos a estudos poboacionais.	A31 A32	B1 B3 B6	C8 C10 C11 C12
Utilizar ferramentas informáticas de utilidade para análise de datos tabulados e análise estatístico de bases de datos.	A29 A30 A31 A32	B1 B3	C6 C8
Características e obxectivos dos distintos tipos de estudos epidemiolóxicos. Técnicas e instrumentos de recollida de datos.	A29 A30 A31 A32	B1 B3 B6	C6 C8 C11
Describir a epidemioloxía das enfermidades transmisibles e non transmisibles na comunidade.	A29 A30 A31 A32 A33	B1	C8

Contidos	
Temas	Subtemas
BLOQUE TEMÁTICO I.- SALUD E FACTORES DETERMINANTES	-Conceptualización e evolución do concepto de saúde -Factores determinantes da saúde: Biolóxicos, ambientais, estilo de vida e servizo sanitario -Repercusións dos determinantes da saúde na saúde individual, familiar e comunitaria
BLOQUE TEMÁTICO II.- FUNDAMENTACION TEÓRICA E XENERALIDADES DA SAUDE PÚBLICA E ENFERMARÍA COMUNITARIA	-Concepto e funcións da saúde pública. A saúde pública en España -Funcións e actividades da saúde pública: A promoción da saúde. Programa de actividades preventivas e de promoción da saúde. -Da enfermidade da saúde pública á enfermidade comunitaria. Situación actual. -A comunidade como suxeito de atención da enfermidade comunitaria -O diagnóstico de saúde na comunidade e planificación sanitaria para enfermeiros comunitarios
BLOQUE TEMÁTICO III.- DEMOGRAFIA E ESTADÍSTICAS DE POBOACIÓN	-Fontes de información demográfica. -Estrutura de poboación. -Mortalidade. Esperanza de vida. Natalidade e fecundidade. -Movementsos migratorios. -Transición demográfica, epidemiolóxica e sanitaria. -Medidas de frecuencia de enfermidade



BLOQUE TEMATICO IV.- EPIDEMIOLOXÍA XERAL	-Concepto de epidemioloxía dentro da saúde pública -Historia natural das enfermidades -Determinación de causalidade -Epidemioloxía das enfermidades transmisibles -Epidemioloxía das enfermidades non transmisibles -Vixilancia epidemiolóxica
BLOQUE TEMATICO V.- EPIDEMIOLOXÍA CLÍNICA	-Validez das probas diagnósticas -Detección precoz de enfermidades con probas de cribado
BLOQUE TEMATICO VI.- EPIDEMIOLOXÍA APLICADA	-A epidemioloxía na planificación dos servizos de saúde -¿Qué é un diagnóstico de saúde? -¿Qué indicadores están accesibles?

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba obxectiva	A29 A30 A31 A32 A33 B1 B3 B6 B10 B16 B20 B24 C4 C6 C8	5	40	45
Sesión maxistral	A29 A30 A31 A32 A33 B1 B3 B6 B16 B20 B24 C8 C6	14	42	56
Prácticas a través de TIC	A32 B1 B3 C8	6	0	6
Traballos tutelados	A29 A30 A31 A32 A33 B1 B3 B10 B16 B20 B24 C4 C6 C8	7	10	17
Estudo de casos	A32 B3 C6 C8 C11	7	10	17
Seminario	A29 A33 B16 B10 C4 C11 C12	2	0	2
Análise de fontes documentais	A29 A30 A31 A32 A33 B1 B3 B6 B16 B24 C4 C6 C8	2	4	6
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva	Evaluara os traballos tutelados e o estudo de casos. Teoría: Proba escrita tipo test e/ou pregunta curta. Prácticas: Proba individual escrita de preguntas cortas e exercicios.
Sesión maxistral	Actividade na que o profesor expón de maneira oral e con medios audiovisuais contidos teóricos do programa e a orientación bibliográfica dos mesmos.
Prácticas a través de TIC	Actividade na que os estudantes traballarán con tres programas que permiten realizar análise estatístico e epidemiolóxico.
Traballos tutelados	Actividade na que os estudantes de forma autónoma profundizan e relacionan coñecementos expostos polo profesor.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión.
Seminario	Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema.



Análise de fontes documentais	Actividade na que o estudante a través da lectura de artigos científicos analiza os tipos de estudos de investigación e a metodoloxía.
-------------------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Proba obxectiva Sesión maxistral Análise de fontes documentais Traballos tutelados Prácticas a través de TIC Seminario	A atención personalizada relacionada coa proba obxectiva ten como finalidade atender ás consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia. Farase de forma individualizada, ben de maneira presencial ou a través do correo electrónico ou video-conferencia. A atención personalizada relacionada cos traballos tutelados ten como finalidade orientar os estudantes na realización dos traballos. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial ou a través de video-conferencia.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A29 A30 A31 A32 A33 B1 B3 B6 B10 B16 B20 B24 C4 C6 C8	A proba constará de preguntas tipo test e/ou preguntas cortas relacionadas con contidos teóricos, lecturas, e traballos tutelados. Cada resposta errónea restará 0,125 puntos. Puntuará sobre un mínimo de 0 e un máximo de 10. A puntuación mínima para superar a proba será de 5. É preciso ter esta parte aprobada para facer media ca parte practica.	60
Traballos tutelados	A29 A30 A31 A32 A33 B1 B3 B10 B16 B20 B24 C4 C6 C8	A avaliación dos traballos farase tendo en conta os seguintes apartados: -Traballo cos programas Excel, Epidat e SPSS -Descrición e síntese da información dos contidos ou temas relativos aos traballos -Exercicios realizados de forma individual Puntuará sobre un mínimo de 0 e un máximo de 10. A puntuación mínima para superar a proba será de 5. Fara media ca proba obxectiva aínda que non se supere a puntuación mínima desta parte	40

Observacións avaliación

A cualificación de Matricula de Honra poderá ser obtida polos alumnos que teñan un mínimo de 9, tendo preferencia os que obtiveran a nota máis alta. En caso de igual puntuación e haxa máis aspirantes que matrículas, prevalecerá o alumno que obtivese a maior nota na metodoloxía de maior peso porcentual.

O exame de recuperación non fara media ca parte practica da materia. En caso de que o alumnado non fixera previamente os traballos tutelados non poderan presentarse ao examen de recuperación.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA:1.- Argimón Pallàs JM, Jiménez Villa J. Métodos de investigación clínica y epidemiológica. 5ª ed. Madrid: Elsevier; 20192.- Hernandez-Aguado I, Lumbreras Lacarra B. Manual de Epidemiología y Salud Pública para Grados en Ciencias de la Salud. 3ª ed. Panamericana; 20183.- Celentano & Szko. GORDIS Epidemiología. 6ª ed. Madrid: Elsevier; 2019.4.- Piedrola Gil. Medicina Preventiva y Salud Pública. 12ª ed. Madrid Elsevier: 20165.- Martínez JR, Del Pino R (2020). Manual práctico de enfermería comunitaria. BARCELONA: EISEVIER6.- Acinas P et al. (2018). Enfermería Familiar y Comunitaria. Formación Alcalá8.- Martin A, Jodar G (2018). Atención Familiar y Salud Comunitaria: Conceptos y Materiales para Docentes y Estudiantes. BARCELONA: ELESEVIER9.- Campo A (2009). Enfermería comunitaria. Madrid: Difusión Avances de enfermería10.- Frías A (2000). Salud Pública y educación para la salud. Masson</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Biología/661G01002

Sistemas da información e comunicación en ciencias da saúde/661G01004

Bases para a interpretación do coñecemento científico/661G01008

Observacións

Esta materia ten en conta as recomendacións de SOSTENIBILIDADE MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XENERO:- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.No caso de que a entrega dos traballos, fose en papel:- Non se empregarán plásticos- Realizaranse impresións a dobre cara- Empregarase papel reciclado- Evitarase a impresión de borradores.- Na realización dos traballos tutelados, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluíndo aquel obtido a través de Internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade.- Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero velando pola non utilización dunha linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado.- Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas dentro da aula ou no contexto clínico, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.- Prestará especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías